

Salvemos o naval, polo futuro industrial da comarca de Vigo

A CIG levamos moito tempo alertando do continuado devalar industrial que se está traducindo, desde hai anos, nunha verdadeira desertización da base produtiva no conxunto da comarca de Vigo. Hoxe, só na cidade de Vigo, hai **5.400 empregos industriais menos dos que había no ano 2009**. Só no último ano destruíronse por volta de 2.500 postos de traballo neste sector.

Esta situación ten causas e tamén responsábeis. **A falla de política industrial da Xunta de Galiza**, en mans do PP, ten colocado a industria da comarca de Vigo nunha situación de total desamparo e abandono. Mais, como repetimos de maneira insistente, **o futuro de Vigo e a súa área será industrial ou non será**. Como País non podemos

permanecer impasíbeis diante do continuado retroceso do verdadeiro pulmón industrial que ten sido historicamente a área de Vigo.

Neste contexto, adquire unha importancia dramática a situación límite dun sector estratéxico para a industria viguesa como é a construción e a reparación naval. Non esaxeramos nin un pouco cando alertamos de que **corremos o risco real de que o sector naval de Vigo, tal e como coñecemos, acabe desaparecendo**. Falamos dunha actividade que chegou a representar preto de 10 mil postos de traballo e que exerce unha imprescindíbel forza tractora para mobilizar e activar a industria auxiliar ligada ao metal.

Estamos a presenciar en directo o naufraxio do sector naval. Temos o antigo Vulcano nun

caleixón sen saída, por culpa da brutal campaña antinaval emprendida polo PP desde a Autoridade Portuaria, para converter un estaleiro centenario nunha prolongación da terminal de contedores. E a Barreras, o principal estaleiro privado do estado Español, nun punto crítico, coas gradas paradas e sen carga de traballo á vista.


Neste sentido, desde a CIG queremos insistir en que o futuro de Barreras, e por extensión do conxunto do sector naval, non pasa por seguir a meter máis e máis diñeiro público no peto dos accionistas privados. A experiencia histórica dínos que a solución para saír deste permanente

día da marmota non é esa. **Urxe unha intervención pública directa**. Diante da incapacidade do capital privado

Urxe unha intervención pública directa no sector.

para poñer en marcha as enormes potencialidades do sector naval, blindar o futuro desta actividade estratéxica esixe **dotar a ría de Vigo dun estaleiro público ou semipúblico**, no que toda achega de diñeiro público estea condicionada á participación directa da toma de decisións.

Temos que romper esta espiral de fiascos. De promesas incumpridas. De crises cada poucos meses. Para evitar o risco de que o naval desapareza, co que iso suporía de golpe definitivo para o conxunto da industria, temos que tomar o control desde o público. Tal e como están a facer noutros países, como Francia ou Escocia. É momento de dar un paso á fronte, e de **esixir dos gobernos galego e español solucións reais** que aseguren a continuidade da actividade e do emprego no sector naval de Vigo.



Confederación Intersindical Galega

SALVEMOS O NAVAL

**Polo futuro industrial
da comarca de Vigo**



**Manifestación:
mércores 19 de maio ás 18h.
dende o cruce da Dobrada**



Confederación Intersindical Galega